UN PERCORRIDO POLAS MONTAÑAS GALEGAS: A DORSAL

A Dorsal Galega é unha cadea montañosa de 210 km de lonxitude que se extende de norte a sur, desde Estaca de Bares ao Miño, na fronteira portuguesa.
Está formada por un gran número de serras que van aumentando a súa amplitude e altitude cara ao sur de relevo suave, pendentes moderadas e grandes chairas nos cumes.
As rochas que as forman son variadas, con predominio das silíceas: xistos, cuarcitas, granito, gneis, peridotitas...
A Dorsal Galega actúa como barreira climática entre o Atlántico e as terras interiores. Nas súas vertentes orientadas ao mar, en especial no sur, dase a maior pluviosidade de Galiza.



SERRA DA FALADOIRA

Esténdese con dirección NNE-SSO entre os concellos de Mañón e Ortigueira e pecha polo norte a Depresión das Pontes. O cume máis alto é o Caxado, con 756 m. Está formada maiormente por bandas de lousas negras xunto con gneis "ollo de sapo", xistos cristalinos e areíscas das que sobresaen cristas de granitos e cuarcitas.

Fervenza no río de Somede, afluente do Eume en Aldea de Arriba (Somede-As Pontes). Nas proximidades hai varias fervenzas máis.

Monte Caxado, un expléndido mirador sobre a zona.

SERRA DA LOBA

Ten dirección N-S, e fai fronteira entre as provincias de Lugo e A Coruña, desde a Depresión das Pontes ata as cabeceiras dos ríos Mandeo (oeste) e Labrada (leste).
O cume é a Pena Verde, con 709 m.
Accedese desde Momán (Xermade).
Ten unhas excelentes vistas sobre a depresión das Pontes.

Parque eólico experimental de Sotavento, no monte Campo do Uceiro, no Serrón do Lobo, prolongación lateral da serra da Loba. Un centro de estudo e investigación de enerxías alternativas con finalidade experimental e didáctica. Conta cun museo e aulas para obradoiros.

SERRA DA COVA DA SERPE

Esténdese con dirección N-S facendo límite entre Guitiriz e Friol (Lugo) e Curtis e Sobrado (A Coruña).
Está formada por granitos de dúas micas, gneis "ollo de sapo", xistos, cuarcitas e granitos intrusivos.
Ten un aspecto masivo e suave cunha maior inclinación cara ao leste. O monte máis alto é o Pico da Cova, con 841 m.

Pena Cova da Serpe, na Pena Furada. Segundo a lenda nesta cova vivía unha gran serpe que comía ao gando e ás persoas. Outra versión di que a serpe baixaba polas noites á aldea e mamaba leite das vacas.

CORDAL DE MONTOUTO

Serra con orientación N-S que fai de divisoria entre A Coruña (Aranga) e Lugo (Gutiriz). Na vertente leste nacen afluentes do Parga e na oeste afluentes do Mandeo.
O punto máis alto é Pena da Uce, con 734 m.
Hai unha ruta sinalizada desde Aranga que percorre os vales do Barranco da Loba e rego da Palanca (afluentes do Cambás, que á súa vez vai ao Mandeo) onde se conservan fragas autóctonas de bastante extensión con varias fervenzas e muíños.
Accedese desde Guitiriz ou desde Cambás (Aranga).

Fraga do Barranco da Loba, na ladeira oeste do Cordal de Montouto. Unión dos regos Palanca e Barranco da Loba para formar o Cambás, afluente do Mandeo.

MONTES DO BOCELO

Situados entre Toques e Sobrado, perpendicularmente, polo oeste, ao Corno de Boi e Careón, con orientación SO-NO.
Están formados por granitos de mica negra que aparecen nos cumes en grandes bolos e penedos. A máxima altura é o Pico do Pilar, con 803 m. Fai de divisoria das concas do Ulla e do Tambre.
Accedese desde a estrada de Sobrado a Toques.

Pena da Moura, nas proximidades atópase o dolme chamado forno das Mouras

SERRA DO CAREÓN

Esténdese, con orientación N-S, entre as provincias de A Coruña e Lugo.
É unha serra de alturas medias, co cume no Monte Careón, con 798 m.
Ten gran interese polas formacións rochosas ultrabásicas(serpentinitas, peridotitas, granulitas piroxénicas, gabros, anfibolitas, xistos verdes...)., e a flora endémica asociada a elas, con algunhas especies únicas desta zona.
Accedese desde Melide ou Toques.

Santolina melidensis.

Sagina merinoi

Fervenza de Brañas (Toques), no río Salgueira (Furelos).

Adela Leiro
Mon Daporta